

ACTA

En Arzúa, a 11 de xullo de 2016.

Sendo as 11.45 horas, reúnense no baixo do edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo, os membros integrantes da Comisión Seleccionadora que cualificará a **proba teórica** do proceso de selección polo sistema de oposición, convocado para poder seleccionar a persoa que desempeñará o posto de traballo de Educador familiar, na modalidade de funcionario interino, para realizar as funcións previstas na Base Segunda das que rixen a oposición, cunha xornada ordinaria de trinta e sete horas e media semanais, durante un tempo que comprenderá ata o remate do programa para cuxa execución foi necesario realizar este proceso de selección, cuxo período de tempo rematará o día 31 de decembro do presente ano, sen prexuízo de que se poida prorrogar o nomeamento mentres dure o programa, dentro dos límites establecidos legalmente; e iso, de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de abril de 2016.

Asistente a este acto os seguintes integrantes da Comisión Seleccionadora:

- Presidenta: D^a. María Teresa Gómez Cea (*Educadora familiar do Concello de Boimorto*).
- Vogais:
 - D^a. Guadalupe Vázquez Ascariz (*Traballadora social do concello de Toques*).
 - D^a. Ana Suárez Varela (*Mestra do Colexio de Educación infantil e Primaria de A Igrexa-Calo do concello de Teo*).
- Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).

E visto que existe o quórum suficiente para a válida constitución da Comisión Seleccionadora, --de conformidade co disposto no artigo 26 nº 1, da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común-, a presidenta procedeu a declarar constituída dita Comisión, co obxecto de levar a cabo a realización do primeiro exercicio dos dous de que consta a oposición, cuxo exercicio consistirá en “*responder a un cuestionario de trinta preguntas, tipo test, sobre os contidos do temario que se recolle no Anexo I das Bases que rixen a oposición*”.

Para o cal, polo presidente e por os dous vogais, elaboráronse -con anterioridade ao comezo deste exercicio, desde as 9.30 horas ata as 11.00 horas- as trinta cuestións en que consistirá dito exercicio, de maneira que cada cuestión formulada tivera catro respostas alternativas, sendo só unha de tales respostas a considerada como correcta.

E así, unha vez efectuadas as fotocopias suficientes dos nove folios que conteñen as trinta preguntas elaboradas, incluíndo tamén dúas preguntas de reserva, procedeuse a facer entrega de ditas fotocopias a cada un dos trinta e seis aspirantes que compareceron a realizar este exercicio (*dos cento trece que figuraban na lista definitiva de admitidos*); facéndolles saber o secretario da Comisión Seleccionadora:

- Que deberían marcar, sobre as fotocopias facilitadas, cal era en cada caso a resposta correcta.
- Que se valoraría con 1 punto cada resposta correcta, restando 0,25 puntos as respostas incorrectas, mentres que as respostas en branco non puntuarían nin restarían.

- Que será necesario obter unha puntuación de 15 puntos sobre 30 posibles, para superar este exercicio.
- Que a corrección de todos os exercicios será realizada na mañá do día de hoxe.
- Que as puntuacións obtidas por cada aspirante se recollerán na acta que se estenda desta reunión, que será publicada no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e na páxina web do concello, a ser posible no día de hoxe e, se non o fora, na mañá do día 12 de xullo.
- Que o tempo máximo para responder ás trinta preguntas elaboradas, sería de 45 minutos, desde as 11.55 horas ata as 12.20 horas.

Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe; figurando tamén as respostas correctas, para coñecemento dos aspirantes que realizaron dito exercicio:

1.- A Comisión de Goberno existe:

- a) En todos os municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e nos de máis, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do Concello.
- b) En todos os municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o alcalde.
- c) En todos os Municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico.
- d) En todos os municipios con poboación de dereito superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o seu Regulamento orgánico ou así o acorde o Pleno do seu concello.

2.- O ámbito de aplicación dos regulamentos e ordenanzas son:

- a) Ámbito territorial.
- b) Ámbito funcional
- c) Ámbito funcional, ámbito territorial e ámbito legal.
- d) Ámbito funcional e ámbito legal.

3.- Ao abeiro do previsto no artigo 19 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sinala a resposta correcta:

- a) En todos os municipios o goberno e a administración municipal corresponde ao Concello, integrado polo Alcalde e os Concelleiros.
- b) Os Concelleiros e o Alcalde son elixidos mediante sufraxio universal, igual, libre, directo e secreto.
- c) O Alcalde é elixido polos veciños.
- d) Nos municipios que funcionan en réxime de Concello Aberto o goberno e a administración municipal non corresponde ao Concello.

4.- Convocar e presidir as sesións do Pleno, salvo os supostos previstos na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e na lexislación electoral xeral, é unha función que corresponde a, segundo o artigo 21 da citada Lei:

- a) Sempre ao Alcalde.
- b) Ao Alcalde, aínda que pode delegar o exercicio da devandita función.
- c) Ao Tenente Alcalde en todo caso.
- d) A calquera Concelleiro en quen o Alcalde decida delegar o exercicio da devandita función.

5.- A aprobación do Regulamento Orgánico e das Ordenanzas municipais é unha función que o artigo 22 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local atribúe a:

- a) O Pleno municipal, en todos os municipios.
- b) O Pleno municipal nos Concellos e a Asemblea Veciñal no réxime de Concello Aberto.
- c) A Xunta de Goberno Local.
- d) O Alcalde.

6.- ¿Cal é a Lei de Prevención de Riscos Laborais?

- a) Lei 31/1996 de 8 de novembro.
- b) Lei31/1995 de 8 de novembro.
- c) Lei31/1986 de 8 de novembro.

d) Lei31/1985 de 8 de novembro.

7.- As áreas de actuación do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Arzúa son:

- a) Muller e emprego; Muller e saúde; Conciliación da vida familiar, laboral e persoal.
- b) Muller e emprego; Muller e saúde; Muller e educación.
- c) Conciliación da vida familiar, laboral e persoal; Muller e emprego; Muller e saúde.
- d) Muller e emprego; Muller e saúde; Muller e educación; Conciliación da vida familiar, laboral e persoal.

8.- A competencia xeral das/os profesionais da Educación Familiar é:

- a) Planificar, xestionar, desenvolver e avaliar as accións enmarcadas no programa.
- b) A adquisición da autonomía persoal e social das familias, detectar e coñecer as necesidades sociais das familias e xestionar proxectos e recursos que incidan no benestar das familias.
- c) Planificar, xestionar e coñecer as necesidades sociais das familias.
- d) A participación das familias na comunidade, desenvolver procesos socioeducativos e avaliar proxectos e recursos que incidan no benestar das familias.

9.- Os modelos en intervención familiar son:

- a) Modelo clínico, modelo socio-familiar e modelo comunitario.
- b) Modelo clínico, modelo educativo e modelo comunitario.
- c) Modelo clínico, modelo socio-familiar e modelo educativo.
- d) Modelo clínico, modelo educativo e modelo familiar.

10.- Os instrumentos do Plan de traballo familiar son:

- a) Ficha familiar, avaliación inicial, proxecto de intervención e avaliación final.
- b) Proxecto de intervención, avaliación continúa e rexistro de actuacións.
- c) Ficha familiar, avaliación inicial, proxecto de intervención, avaliación continúa, rexistro de actuacións e avaliación final.
- d) Ficha familiar, avaliación inicial, proxecto de intervención e avaliación continúa.

11.- Entre as funcións do/a educador/a familiar están:

- a) Intervención personalizada con familias con diferentes necesidades, especialmente con aquelas que se atopan nunha situación social máis vulnerable.
- b) Incorporación de perspectivas de xénero no traballo realizado coas familias.
- c) Promoción do acceso das familias ás redes e recursos comunitarios.
- d) Todas son correctas

12.- A Atención Temprá contéplase na actualidade en todos os países como:

- a) Unha atención global prestada ao neno e á súa familia nos primeiros meses e anos de vida, como consecuencia de alteracións no seu desenvolvemento, ou ben por unha situación de alto risco.
- b) Unha atención global prestada ao neno nos primeiros meses e anos de vida, como consecuencia de alteracións no seu desenvolvemento, ou ben por unha situación de alto risco.
- c) Unha atención global prestada ás familias de aqueles nenos que presentan alteracións no desenvolvemento ou unha situación de alto risco.
- d) Unha atención prestada tanto a calquera neno que presenta alteracións no seu desenvolvemento como á súa familia.

13.- Os programas de intervención na atención temprá son:

- a) Programas baseados no centro.
- b) Programas baseados no fogar.
- c) Programas comunitarios.
- d) As respostas a), b) e c) son correctas.

14.- En intervencións de Atención Temprá:

- a) Debe considerarse a globalidade do neno.
- b) Teñen que planificarse por un equipo de profesionais de orientación interdisciplinar ou transdisciplinar.

- c) Debe considerarse unicamente aquela alteración do desenvolvemento do neno que da lugar á intervención.
- d) Son correctas as respostas a e b.

15.-¿Qué ámbitos deben ser tratados en calquera programa de intervención cos nenos/as que sofren violencia doméstica?

- a) O ámbito emocional.
- b) O ámbito cognitivo
- c) O ámbito emocional, o ámbito cognitivo e o ámbito conductual.
- d) As respostas a) e b) son as correctas.

16.- As intervencións cos nenos/as expostos á violencia familiar poden realizarse en forma de:

- a) Tratamento das secuelas traumáticas a nivel individual.
- b) Programas de intervención conxunta sobre os nenos/as e as súas nais.
- c) Tratamento das secuelas traumáticas a nivel individual, programas psicoeducativos e de apoio a nivel grupal ou en programas de intervención conxunta sobre os nenos/as e as súas nais.
- d) As respostas a) e b) son as correctas

17.- A violencia de xénero está constituída por:

- a) Un conxunto heteroxéneo de actitudes e comportamentos activos, pasivos e omisivos.
- b) Un conxunto heteroxéneo de actitudes e comportamentos que inclúen condutas físicas, verbais e non verbais.
- c) Un conxunto heteroxéneo de actitudes e comportamentos que se manifestan con intensidade variable, que teñen carácter reiterado e mantido no tempo, e que atentan contra a dignidade, a liberdade e/ou a integridade psíquica e emocional da muller que a sofre.
- d) Todas as respostas son correctas.

18.- É un indicador de malos tratos físicos en mulleres:

- a) Perforacións de oído.
- b) Insomnio ou hipersomnia.
- c) Hematomas e/ou feridas na parte interior do muslo.
- d) Medo a volverse tola ou perder o control.

19.- Para previr a violencia de xénero nos centros educativos, pódese:

- a) Establecer indicadores que fagan visibles as relacións de desigualdade e violencia máis ou menos explícitas.
- b) Promover actitudes críticas, vixiantes e activas respecto á violencia de xénero no centro
- c) Xerar un clima de desconfianza nos menores
- d) A e B son correctas

20.- Segundo o Protocolo Xeral para a Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso, aprobado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, son criterios de identificación do acoso escolar:

- a) A existencia da intención de facer dano, sen que o presunto acosador teña seleccionada súa vítima de antemán.
- b) A repetición das condutas agresivas, creando no presunto acosado a expectativa de que poderá rebelarse en caso dunha nova conduta agresiva.
- c) A duración no tempo, pois a conduta agresiva repítese e é recorrente.
- d) Todas as respostas son correctas.

21.- Nunha intervención reactiva en caso de existencia de Acoso Escolar, os profesionais deben actuar sobre:

- a) O acosador e o acosado.
- b) Os observadores.
- c) O acosador, o acosado e os observadores.
- d) Ningunha resposta é correcta.

22.- No momento de definir un indicador hai que especificar:

- a) O grupo beneficiario, a cantidade, a calidade, o tempo e a ubicación.
- b) O grupo beneficiario, a calidade e o tempo.

- c) O grupo beneficiario, a cantidade e a calidade.
- d) O grupo beneficiario, a cantidade, a calidade e a ubicación.

23.- A Organización Mundial da Saúde define Saúde como:

- a) O estado completo de benestar físico, mental e social e non solamente a ausencia de enfermidade.
- b) A ausencia de enfermidade
- c) A ausencia de accidentes laborais e enfermidades profesionais.
- d) O estado de benestar en xeral.

24.- Elixe a secuencia formada por elementos que compoñen un proxecto socioeducativo:

- a) Diagnóstico, natureza do proxecto, obxectivos, metas
- b) Beneficiarios, produtos, metodoloxía, cronograma
- c) Especificación operacional das actividades e tarefas a realizar, indicadores de avaliación, bibliografía.
- d) A, B e C son correctas

25.- As Ordenanzas municipais son aprobadas:

- a) Por maioría simple, como regra xeral.
- b) Por maioría absoluta as Ordenanzas Fiscais.
- c) Por maioría absoluta as Ordenanzas relativas á ordenación urbanística.
- d) Todas as respostas son correctas.

26.- Os Equipos de Protección Individual (EPI's):

- a) Deberán utilizarse cando os riscos non se podan evitar ou non podan limitarse suficientemente por medios técnicos de protección colectiva.
- b) Debe pagalos o traballador.
- c) Non necesitan mantemento.
- d) Non é necesario que inclúan folleto de instrucións.

27.- Os ámbitos a explorar para poder realizar unha valoración integral da situación familiar onde se produce violencia de xénero son:

- a) Historia social, risco social, situación dos/as menores e percepción da muller sobre a situación de violencia.
- b) Historia social e situación dos/as menores.
- c) Historia social e percepción da muller sobre a situación de violencia.
- d) Historia social, risco social e percepción da muller sobre a situación de violencia.

28.- As formas de acoso escolar son:

- a) Maltrato verbal, intimidacións psicolóxicas e maltrato físico.
- b) Maltrato verbal, intimidacións psicolóxicas, maltrato físico e aillamento social.
- c) Intimidacións psicolóxicas, maltrato físico e aillamento social.
- d) Maltrato verbal, intimidacións psicolóxicas e aillamento social.

29.-Consecuencias psicolóxicas da muller vítima da violencia de xénero:

- a) Tendencia a padecer condutas aditivas: consumo psicotrópicos, alcohol e outras drogas
- b) Incremento na probabilidade de padecer condutas compulsivas: alimenticias, limpeza, compras, xogo...
- c) Condutas de risco físico excesivo. Intentos ou planificación de suicidio
- d) Todas as anteriores son correctas.

30. -Sinala a resposta correcta: Coeducar é:

- a) Educar á marxe das diferencias de xénero
- b) Desenvolver a igualdade de oportunidades tendo en conta o valor das diferencias entre os sexos.
- c) Transmitir coñecementos de maneira obxectiva
- d) Ningunha das anteriores é correcta

PREGUNTAS DE RESERVA

1.- Segundo o artigo 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, a Xunta de Goberno Local:

- a) Está integrada polo Alcalde e todos os Concelleiros.
- b) Está integrada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeándose separados polo Pleno.
- c) Está integrada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeándose separados libremente por aquel.
- d) Está integrada polo Alcalde e un número de Concelleiros non superior ao terzo do número legal dos mesmos, nomeándose separados por aquel, dando conta ao Pleno.

2.- Nos Programas de Intervención do Educador Familiar contra a Violencia de Xénero, son áreas de traballo:

- a) As relacións familiares.
- b) A vivenda.
- c) As relacións sociais.
- d) Todas as respostas son correctas.

Sendo as respostas correctas as seguintes:

-1D -11D -21C
 -2C -12A -22A
 -3D -13D -23A
 -4A -14D -24D
 -5B -15C -25D
 -6B -16C -26A
 -7D -17D -27A
 -8A -18A -28B
 -9B -19D -29D
 -10C -20C -30B

Respostas correctas preguntas reserva:

-1D
 -2D

Faise constar que a cuestión 7ª refírese ao III Plan de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres do Concello de Arzúa, segundo figura no enunciado da cuestión, cando en realidade teña que referirse non ao III Plan senón ao II Plan. O cal se fixo saber aos aspirantes, pola presidenta da Comisión Seleccionadora, ao pouco tempo de comezar o exercicio.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora, -por unanimidade dos tres membros integrantes con dereito a voto-, otorgou as seguintes puntuacións, seguindo para iso o mesmo orde co que figura incluído cada aspirante na lista definitiva de admitidos neste proceso de selección:

	Nome e apelidos	Puntuación exercicio teórico
1	Isabel Tojo Curros.	16,5
2	María Montserrat Lata Blanco	20
3	Beatriz Tato Cereijo	15,5
4	Gloria Concepción Villar Rodríguez	Non presentado
5	Cristina Piñeiro Rial	21,5
6	Lucía Guerra Requeijo	20,5
7	Begoña Fernández Barreiro	7,5
8	Iria Rodríguez Calvo	20,5

9	M ^a Luz Conde Rodríguez	21,25
10	Rebeca Vázquez Bendaña	18,75
11	Lorena Castro Gerpe	15,75
12	Sandy Marie Cebral Gómez	Non presentado
13	Mónica Tato Sánchez	13
14	Alexandrina da Conceição Cruz Ferreira	21,25
15	Mónica Mouriño Cagide	Non presentado
16	Mónica Serrano Souto	Non presentado
17	Lourdes Ramos Andrade	Non presentado
18	Laura Puga García	Non presentado
19	José Ramón López Fortes	Non presentado
20	Laura Carregal Salgueiro	16,75
21	Eva Pérez Curros	17,75
22	Ivan Martínez Fuentes	20
23	Miriam Fernández Pietro	Non presentado
24	María Vázquez Cortizo	Non presentado
25	María Encarnación Ruiz Cano	Non presentado
26	Rosana Rey Pereiro	Non presentado
27	M ^a Blanca Garea Gestal	14,75
28	Teresa Gómez Tratoy	Non presentado
29	Angela Cristina Guitián Astray	Non presentado
30	Laura Segade Fernández	Non presentado
31	Lorena Seoane Bravo	Non presentado
32	Andrea Bello Castiñeiras	Non presentado
33	Paloma Moure Acuña	Non presentado
34	Natalia Quintela Alonso	Non presentado
35	Leticia Navarret Rodríguez	Non presentado
36	Tamara Lorenzo Bermejo	Non presentado
37	María Arantzazu Moscoso Varela	Non presentado
38	Amalia de Otto Fernández	Non presentado
39	Alba Lamas Teijeiro	Non presentado
40	M ^a Inmaculada Victorino Domínguez	Non presentado
41	Natalia Taboada Touzon	Non presentado
42	Lara Blanco Barbeito	Non presentado
43	Beatriz González Segade	Non presentado
44	Paula Uxia Seijas Garea	Non presentado

45	Ana Isabel Curros Mato	15,75
46	Andrea Ferrari Rodríguez	17
47	Carmen Corina Rodas Verde	Non presentado
48	Tamara Mecias Castro	Non presentado
49	Diana Calo Suárez	Non presentado
50	Mariña Moledo Mayo	Non presentado
51	Olalla Esmoris Blanco	Non presentado
52	Laura Sanmiguel Veloso	21,5
53	Catia Mouriño Duran	16,5
54	Marta Viqueira Pampin	Non presentado
55	María Dolores Vieiro García	Non presentado
56	Maria José Busto Bouzas	Non presentado
57	María Dolores Fraga Sánchez	Non presentado
58	Gertrudis Romero García	Non presentado
59	Adrian Nieto Lareo	15,25
60	María Rial Fernández	15,25
61	Beatriz Pérez Bar	16,75
62	Ane Camino Urbietta	Non presentado
63	Yolanda López Garabatos	21,25
64	Lucia Lage Vila	Non presentado
65	Sandra Vázquez Noal	16,5
66	Lucía Mourullo Cerdeira	Non presentado
67	Natacha Rodríguez Demanuel	Non presentado
68	Olaia González Díaz	Non presentado
69	Lorena Dominguez Pietro	Non presentado
70	Patricia Varela Cuntin	Non presentado
71	Cristina Gontán Lodeiro	Non presentado
72	Silvia Parcero Rodríguez	Non presentado
73	Noelia Pena Garea	Non presentado
74	Beatriz Guerra García	19
75	María Cristina Gómez Escourido	Non presentado
76	María del Mar Laya Agra	Non presentado
77	Esperanza Castelo Gómez	Non presentado
78	Mónica Seijas García	Non presentado
79	Miriam Lago Díaz	Non presentado
80	Ana Veiras Mendez	Non presentado
81	Veronica Rita Navarrete Alarcon	Non presentado

82	María Ester Devesa Neira	Non presentado
83	Claudia Calvo Camino	Non presentado
84	Xosé Igrexas García	15,75
85	Noela Nebril Rodríguez	0
86	María Angeles Castro Castro	15,25
87	Susana Martínez Gomila	Non presentado
88	Manuel Mariño Barreiro	23,25
89	María González Barco	22,75
90	Laura Folgueira García	Non presentado
91	Miriam Rivadula Penas	21,25
92	Eva Díaz dos Santos	Non presentado
93	Sonia Villanueva Neira	Non presentado
94	Mercedes Carnero Bellón	Non presentado
95	Beatriz Esteban Aguirre	Non presentado
96	Leticia López Vázquez	Non presentado
97	Andrea Cid Otero	Non presentado
98	María Mónica Nuñez Búa	Non presentado
99	Patricia Pasgal Riedel	Non presentado
100	Olalla Domiguez Díaz	Non presentado
101	Xosé Manoel Mosteiro Valle	Non presentado
102	Patricia Vázquez Carballal	Non presentado
103	Gemma Pérez Ramos	Non presentado
104	Isabel Ponte Rey	Non presentado
105	Noemí Bazarra Abollo	24
106	Nahyr López Gómez	9,5
107	Aranzazú Pardo Guillán	Non presentado
108	Laura Fernández Otero	13
109	Angeles Pérez Martínez	Non presentado
110	Ana Isabel Fernández González	Non presentado
111	María José Fernández González	Non presentado
112	Ana María Cabaleiro García	Non presentado
113	Raquel González Borrajo	16,75

Tras considerar oportuno repasar as puntuacions outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados.

Adoptouse -tamén por unanimidade dos tres membros con dereito a voto da Comision Seleccionadora- os seguintes acordos:

Primeiro: Ratificar as puntuacións que quedaron indicadas, para cada un dos trinta e seis

aspirantes presentados, e publicar no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello unha copia da acta estendida desta reunión, para que os interesados poidan coñecer cales foron as puntuacións obtidas neste primeiro exercicio, de carácter teórico da fase de oposición.

Segundo: Facer saber aos seis aspirantes, que non obtiveron a puntuación mínima de 15 puntos, que quedaban eliminados para continuar no proceso de selección, por canto que así se deduce da Base Décima das que rixen a oposición.

Terceiro: Convocar aos restantes trinta aspirantes que superaron o exercicio teórico, para que comparezan a realizar o exercicio práctico da oposición, o vindeiro día **19 de xullo** (martes) as **10.00 horas**, no mesmo lugar que no día de hoxe, nun aula do 1º andar edificio municipal multiusos, nomeado “Terra do Queixo”, sito na rúa Padre Pardo; cuxo exercicio consistirá na realización dun suposto práctico determinado pola presidenta e polos vogais da Comisión Seleccionadora, que estará directamente relacionado coas funcións propias do posto de traballo e co temario incluído no Anexo I das Bases; cuxo exercicio cualificarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalo obter un mínimo de 10 puntos, para o cal se disporá dun tempo máximo de sesenta minutos.

Co cal deronse por rematadas as actuacións que quedaron descritas, ás 14.40 horas do día de hoxe; estendéndose a presente acta, para ser subscribida polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal eu, secretario de dita Comisión dou fe.